

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, RECREATIVAS OU DE LECER**

### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De acordo co previsto no artigo 41 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello procede á regulación do prezo público por actividades reguladas por esta ordenanza.

### **Artigo 2º. Concepto**

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que satisfarán os usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades culturais e deportivas organizadas polo Excmo. Concello de Vilardevós, tales coma talleres, cursos, seminarios, comidas, bailes, excursións e demais de natureza análoga, sempre que estas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas á entidade local.

### **Artigo 3º. Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficien das actividades prestadas por este concello a que se refire o artigo anterior.

### **Artigo 4º. Contía**

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, a Xunta de Goberno por delegación do Pleno da Corporación, de acordo cos artigos 47 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A estes efectos, a Xunta de Goberno Local, antes do inicio da actividade, e con base nos custos soportados polo concello na organización desa actividade, establecerá as tarifas concretas para esta.

De acordo co apartado segundo do artigo 44 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellan, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á educación física, ao deporte, á adecuada utilización do ocio e á cultura (artigos 43 e 44).

Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios do concello para os efectos da súa publicidade

### **Artigo 5º.-Normas de xestión**

A obrigación do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade, se ben poderase esixir o seu depósito previo de acordo co artigo 46.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e durará ata a formalización da baixa ou finalización da actividade.

A estes efectos, o acordo da Xunta de Goberno Local previsto no artigo 4 desta ordenanza establecerá, ademais, o réxime de xestión, que incluírá:



- Posibilidade de ingreso mediante autoliquidación dos obrigados ao pago ou mediante liquidación aprobada polo concello.
- Momentos nos que se procederá ao ingreso, podendo levarse a cabo a través dun pago único anticipado ou de modo fraccionado en varios prazos ao longo de desenvolvemento da actividade.
- Medios de pago, sendo o procedemento ordinario o de domiciliación bancaria, mediante impreso autorizado asinado polos usuarios no momento da matrícula na actividade, ou o ingreso nas contas municipais habilitadas para o efecto, segundo as posibilidades de xestión do concello.
- A desistencia ou falta de asistencia do usuario á actividade non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.
- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións efectivamente efectuadas.

### **Disposición final**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente, publicada no Boletín Oficial da Provincia e teña transcurrido o prazo de 15 días que sinala o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

